

## **8M: xuntas berramos PAZ**

*Este 8M reclamamos igualdade, dereitos e, sobre todo, paz. Queremos vidas libres de violencias nun sistema que non sexa gobernado por patróns patriarcais, belicistas, machistas, racistas, discriminatorios e xeradores de múltiples formas de violencia e desigualdade. Hoxe e sempre: sen nosoutras non haberá paz.*

A actual guerra en Ucraína puxo o foco mediático no que significa un conflito bélico, o incalculable sufrimento da poboación e a inxustificable violencia extrema que provoca, algo que ocorre en distintas partes do mundo. Unha guerra sempre e en calquera lugar supón violacións dos Dereitos Humanos, destrución do presente e do futuro, destrución da vida de millóns de persoas.

Nas crises humanitarias e nos conflitos bélicos, as mulleres e as nenas afrontan, ademais, violencias específicas polo mero feito de selo, como a violencia sexual, a trata, os embarazos forzosos como obxectivo político, a eliminación dos postos de decisión e do espazo público... e unha longa lista de violencias e discriminacións tanto durante o conflito como no post-conflito e a reconstrución. Abordalo con perspectiva de xénero desde o inicio resulta crucial para non provocar un retroceso dos dereitos das mulleres cando xa sufrimos violencias machistas e profundas desigualdades de forma estrutural.

**“As mulleres sempre foron a columna vertebral do movemento da xustiza social”**

**Angela Davis, activista**

Corre présa abordalo porque as mulleres somos a metade do planeta, axentes activos de cambio, defensoras de dereitos e promotoras clave nos diálogos para a paz. As guerras tamén teñen rostro de muller e hai que visibilizalas, non só como vítimas e coidadoras, senón como parte fundamental -a metade- que debe ocupar o seu rol activo e o seu espazo a nivel social, económico, mediático, político e diplomático. Ao non facerse así, a metade da poboación quedará excluída e a construción da paz non será tal.

Este 8M berramos polas nosas compañeiras ucraínas, por todas e cada unha das mulleres e das nenas que padecen guerras, conflitos e diferentes formas de violencias, por todas as que loitan polos nosos dereitos (os dereitos dunhas son os dereitos de todas), por todas as que dunha ou outra forma contribúen á igualdade nas súas pequenas ou grandes contornas, nos seus barrios, pobos e cidades. Porque xuntas cambiamos o mundo. Xuntas berramos PAZ.

**“Cando as cabezas das mulleres se xuntan arredor dun lume, nacen forzas, medran maxias, arden brasas, que gozan, festexan, curan, recompoñen, inventan, crean, unen, desunen, enterran, dan vida, rexouban, simpatizan”.**

**Simone Seija Paseyro, escritora uruguaia**